



2/11/2018

Gran éxito de comercialización do espazo feiral do Fórum Gastronómico A Coruña 2019

Xa vendeu o 50% do seu espazo feiral

Tralo éxito acadado na edición pasada, o Fórum Gastronómico volverá celebrarse en ExpoCoruña os días 10, 11 e 12 de marzo de 2019

A edición 2019 seguirá co mesmo modelo que conseguiu grandes resultados nas tres pasadas edicións na Coruña: un gran espazo feiral con empresas de zona dos sectores da distribución, a produción de alimentos e bebidas, o *foodservice* ou o equipamento e a maquinaria; xunto cun atractivo e moi amplo programa de actividades protagonizadas por cociñeiros senlleiros.

Será, unha vez máis, unha cita á que ir por forza, para os profesionais e tamén para o público gourmet.

O espazo feiral do Fórum é o escaparate ideal para as empresas do sector que queren estar presentes no evento pioneiro e de referencia entre os congresos e feiras enogastronómicas.

Xa son moitas as empresas que confirmaron a súa presenza nesta nova edición, por exemplo:

- Alimentación: Abril, Aceite Galeo, Bonilla a la Vista, Porto-Muiños, Unilever, Sosa Ingredients, Bacalaos El Barquero, Dairylac, Queixos Brigantia, Jamones González, Embutidos Lalinense, Champivil.
- Bebidas: Estrella Galicia, Cabreiroá, Candelas, Montecelio, Sabora, Siboney, Habelas Hailas.
- Distribución: Casalnova...
- Novas Tecnoloxías: Innovatec Galicia e Infor Server - Strongpoint.
- Institucional: Economía Social de Galicia, Consellería do Medio Rural, D.O. Sierra Mágina.
- Equipamentos: Winterhalter, Hornos de Brasa HBE, Unox, Welbit, My Chef Distform, Exclusivas Villares, Simega - Sillas y Mesas, Grupo Roig, Fagor, Sammic.

Ademais de moitos outros, dende multinacionais a pequenos produtores, representando toda a cadea de valor do sector.

Cando só pasaron unhas poucas semanas do comezo da comercialización e cando aínda faltan máis de 5 meses para o Fórum, este xa conta cun 50% de espazo feiral vendido. Seguindo ese ritmo non se descarta unha ampliación de superficie.

Para máis información:

Nati Palomo
Responsable de Comunicación
T. 660 59 31 22